



XUNTA DE GALICIA- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U CEIP "ALFREDO BRAÑAS" - Código 15025256

R/ Porta Santa, 19 - Paiosaco - 15145 A Laracha (A Coruña)

Tel.: 881 880 700 - Fax: 881 880 701

e-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es //

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

CURSO 2022-2023

Normas de funcionamento do comedor

Obxectivos:

1. Fomentar actitudes de colaboración, solidariedade e convivencia.
2. Fomentar o respecto entre os compoñentes sociais do comedor.
3. Participar nas actividades que organice o persoal responsable.
4. Usar correctamente os servizos e espazos comúns.
5. Potenciar hábitos de nutrición e hixiene.

Normas convivencia:

Los alumnos/as que usuarios do servizo de comedor deberán respectar as seguintes normas:

- O alumnado usuario do servizo de comedor será recollido polo persoal do comedor no punto de encontro marcado polo centro.
- Entrarán no comedor de forma ordenada .
- Permanecerá correctamente sentados nas cadeiras.
- Durante a comida falarán en voz baixa e pedirán as cousas sen gritar e usando as normas básicas de educación (por favor, grazas...).
- Se respectará sempre aos compañeiros/as e ao persoal responsable do comedor.
- Non se pode xogar durante a comida.
- Hai que, cando menos, probar de todo o que se sirve.
- Non se pode sacar comida do comedor (pan, batidos, iogures, etc.)
- Saíran do comedor en orden e sen correr.
- O persoal responsable do servizo de comedor é a máxima autoridade durante todo o tempo que dura o servizo(14:10- 16:10). Ante calquera incidencia informarán á dirección do centro e/ou mestre/a de garda nese momento que adoptará as medidas necesarias. Incidencias graves por parte do alumnado ou reiteración de incidentes leves, poden ocasionar a expulsión do servizo. **A falta de respecto reiterada a compañeiros ou persoal do comedor considerárase falta grave.**



XUNTA DE GALICIA- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U
CEIP “ALFREDO BRAÑAS” - Código 15025256

R/ Porta Santa, 19 - Paiosaco - 15145 A Laracha (A Coruña)

Tel.: 881 880 700 - Fax: 881 880 701

e-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es //

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

- A responsabilidade do persoal do comedor termina no momento no que entregue a totalidade do alumnado aos seus proxenitores ou persoas debidamente autorizadas.

Os proxenitores terán en conta :

- O servizo de comedor funcionará en dúas quendas. O reparto de usuarios realizarase no centro e, salvo circunstancias especiais debidamente xustificadas, non se pode escoller quenda.
 - 1ª quenda: alumnado de E. Infantil e 1º EP. O alumnado da primeira quenda poderá escoller saír ás 15:05 ou ás 16:05.
 - 2ª quenda: alumnado de 2º EP a 6º EP. O alumnado da segunda quenda sairá ás 16:05

En caso de ausencias de usuarios/as na primeira quenda, a coordinadora de comedor poderá completar mesas con usuarios/as da segunda quenda.

- O alumnado, unha vez terminada a comida realizará a hixiene de mans e boca. Por falta de espazo, os neceseres terán que ir e vir na mochila dos nenos/as.
- O persoal de comedor informará, se ás familias o requiren, das incidencias salientables respecto á comida ou ao seu comportamento durante o servizo.
- Calquera incidencia, suxestión o queixa sobre o servizo, deberán comunicala á dirección do centro, que será quen lle indique o procedemento a seguir en cada caso.

Esixirase PUNTUALIDADE na recollida do alumnado.

Asistencia: De acordo a *Instrución 3/2021 da secretaria Xeral Técnica da Consellería de Educación do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2021/22*, as familias deberán comunicar as ausencias ao servizo de comedor antes das 9:45 do día en cuestión. A normativa recolle que privarase “*durante 10 días do uso do comedor aos usuarios que en tres ocasións faltaran ao comedor sen que mediara comunicación previa da súa ausencia*”. A comunicación pode facerse por teléfono (881880700) pero hai que entregar igualmente o **Formulario Xustificativo de Ausencia** (páxina web).

Intolerancias alimentarias: En caso de ser necesario dietas especiais o intolerancias alimentarias deberanse xustificar con certificado médico.



XUNTA DE GALICIA- CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U
CEIP "ALFREDO BRAÑAS" - Código 15025256

R/ Porta Santa, 19 - Paiosaco - 15145 A Laracha (A Coruña)

Tel.: 881 880 700 - Fax: 881 880 701

e-mail: ceip.alfredo.branas@edu.xunta.es //

Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalfredobranas/>

Autorizacións: Para evitar incidentes, os proxenitores dos usuarios do comedor, deberán notificar ademais do telefono de urxencia no que contactar coa familia en caso necesario, o nome e DNI das persoas autorizadas para recoller aos seus fillos/as. **Non se entregarán a ningunha persoa que non figure como autorizada** salvo que o comunicaran previamente por escrito ao **centro**.

Normas:

- Entre as tarefas fundamentais do persoal do comedor están as de ensinar aos rapaces/zas uns bos hábitos alimenticios (**hai que comer de todo ou cando menos probar de todo**), unha hixiene postural correcta (ben sentados e sen xogar), normas básicas de educación (mascar coa boca pechada, usar o pano para limpar a boca, beber coa boca baleira), unha hixiene correcta (lavado de dentes e de mans), que as familias deberán reforzar na casa e colaborarán co persoal do comedor atendendo as súas recomendacións e observacións.
- A empresa facilitará copia dos menús de comida con anticipación.
- O persoal de comedor non administrará medicamentos aos nenos/as.
- O persoal de comedor informará á dirección do centro das incidencias salientables tanto respecto á comida como de comportamento durante o servizo.
- Se algún usuario tivese un accidente ou tivese problemas de saúde avisarase á familia e se a gravidade o require, avisaríase aos servizos de emerxencia. Por ese motivo, calquera modificación de número de teléfono deberá ser notificada inmediatamente.

Persoal de comedor. FUNCIONES :

- Favorecer no alumno hábitos correctos de alimentación e comportamento adecuado no comedor.
- Vixiar nos recreos e mediar nos conflitos que poidan xurdir. O persoal do comedor ten a mesma consideración cun mestre do centro posto que durante o servizo de comedor representan, ao igual que os mestres, á autoridade. Ante calquera incidencia avisarán á dirección ou mestre de garda no centro.
- Velar polo bo uso das instalacións e o material (comedor, pavillón, patio)
- Informar á Dirección do centro de calquera situación tanto referida as instalacións como aos incidentes que poida alterar o clima de convivencia do comedor. O servizo de comedor é unha prolongación do horario escolar, e polo tanto as normas de convivencia son as mesmas que durante o horario lectivo.